Este desenho alude ao cenário de magia negra convocado pelo texto, centrado no malévolo par feiticeiro-comandante. Graça Morais referencia o momento em que os habitantes, após serem flagelados, questionam «que sinais são aqueles de chicotadas na cara / Quando tão seguros estão de que ninguém os chicoteou nem tal consentiram».

A mulher olha o homem com espanto e raiva, enquanto este apresenta uma expressão enlouquecida. Ambos têm os rostos fustigados e ensanguentados, adivinhando-se uma tez escura que remete para a história da escravidão e, em termos mais genéricos, para as histórias de guerras e de repressão.

A representação de um casal remete alegoricamente para díades conceptuais históricas ligadas a contextos totalitários e reacionários, como "manipulação-repressão" ou, mais concretamente na origem do livro, "PIDE-Ditadura", "Igreja-Estado" ou "metrópole-colónia".

Poema 7

Este deseño alude ao escenario de maxia negra evocado no texto, centrado no malévolo par do feiticeiro comandante. Graça Morais referencia o momento en que os habitantes, despois de ser flaxelados, cuestionan «que sinais são aqueles de chicotadas na cara / Quando tão seguros estão de que ninguém os chicoteou nem tal consentiram».

A muller mira ao home con sorpresa e rabia, mentres que este presenta unha expresión enlouquecida. Ambos teñen os rostros azoutados e ensanguentados, adiviñándose unha pel escura que remite para a historia da escravitude e, en termos máis xenéricos, para as historias de guerras e de represión.

A representación dunha parella remite alegoricamente para díades conceptuais históricas ligadas a contextos totalitarios e reaccionarios, como "manipulación-represión" ou, máis concretamente na orixe do libro, "PIDE-Ditadura", "Igrexa-Estado" ou "metrópole-colonia".

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 8], 1987**

Aguarela, sépia, tinta-da-china
e colagem sobre papel
18,8 x 14,7 cm
Col. da Artista

Acuarela, sepia, tinta chinesa
e colaxe sobre papel
18,8 x 14,7 cm
Col. da Artista



Poema 8

Poema onde se narram as atrocidades cometidas sobre as mulheres e o efeito psicológico que desencadeará um inesperado contra-ataque. O que aqui sobressai é o mito da *vagina dentata* e a sucessão de acontecimentos que resultarão numa mensagem clara de empoderamento da mulher: «os dentes que o ódio fizera nascer nas vulvas frenéticas / Cortam cerce os pénis do exército perseguidor que as vaginas cospem para fora com o mesmo desprezo com que os homens perseguidos haviam sido degolados».

Graça Morais optou por uma sobreposição de cenários que só insinuam o motivo da desmembração, apresentando ao observador uma composição que joga com a ambiguidade entre a violência sexual e um certo erotismo. O dramatismo da cena é enfatizado pelo facto de não haver qualquer rosto associado aos vários corpos femininos, mantendo anónima a protagonista, que reaparecerá no vigésimo quinto poema e na sua respetiva ilustração.

A técnica da aguarela sublinha a ideia do descontrolo e do sobressaltado decorrer da ação, elemento igualmente reforçado pela paleta cromática viva e contrastante, e pelo tratamento expressivo das sombras e dos contornos.

Poema 8

Poema onde se narran as atrocidades cometidas sobre as mulleres e o efecto psicolóxico que desencadeará un inesperado contraataque. O que aquí sobresae é o mito da *vagina dentata* e a sucesión de acontecementos que resultarán nunha mensaxe clara de empoderamento da muller: «os dentes que o ódio fizera nascer nas vulvas frenéticas / Cortam cerce os pénis do exército perseguidor que as vaginas cospem para fora com o mesmo desprezo com que os homens perseguidos haviam sido degolados».

Graça Morais optou por unha superposición de escenarios que só insinúan o motivo da desmembración, presentando ao observador unha composición que xoga coa ambigüidade entre a violencia sexual e un certo erotismo. O dramatismo da escena está salientado polo feito de non haber ningún rostro asociado aos diferentes corpos femininos, mantendo anónima a protagonista, que reaparecerá no vixésimo quinto poema e na súa respectiva ilustración.

A técnica da acuarela subliña a idea do descontrol e do sobresaltado transcorrer da acción, elemento igualmente reforzado pola paleta cromática viva e contrastante e polo tratamento expresivo das sombras e dos contornos.

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 11], 1987**

Aguarela, sépia e tinta-da-china
sobre papel
14,7 x 20,8 cm
Col. da Artista

Acuarela, sepia e tinta chinesa
sobre papel
14,7 x 20,8 cm
Col. da Artista

Poema 11

Este desenho referencia o surgimento da esfera de mercúrio que se multiplicará, infinitamente, e da violência psicológica que impõe – um «olho de vigilância individual, o olho que não dorme nunca».

Graça Morais aborda o olho orwelliano através da representação de um rosto escuro e sem feições, quase semi-máscara, reforçando a ideia da omnipresença de um Big Brother, ou sistema de inteligência artifical, que controla todas as esferas da vida humana, incluindo a capacidade de resistência físico-psicológica da população.

Na narrativa saramaguiana esta ideia de controlo fracassa quando, devido à falta de mercúrio, as mães passam a medir a febre das crianças com a mão – um gesto tão profundamente humano que falseia os dados que o computador recolhe. Graça Morais alude à humanidade e à contraposição entre natureza e tecnologia através da figura que assume a posição clássica do pensador, destacando assim o teor subversivo e de resistência que atravessa todo o poema.

Poema 11

Este deseño referencia o xurdimento da esfera de mercurio que se multiplicará infinitamente e da violencia psicolóxica que impón – un «olho de vigilância individual, o olho que não dorme nunca».

Graça Morais aborda o ollo orwelliano a través da representación dun rostro escuro e sen faccións, case semi-máscara, reforzando a idea da omnipresenza dun Big Brother, ou sistema de intelixencia artificial, que controla todas as esferas da vida humana, incluíndo a capacidade de resistencia físico-psicolóxica da poboación.

Na narrativa saramaguiana esta idea de control fracasa cando, debido á falta de mercurio, as nais pasan a medir a febre das criaturas coa man – un xesto tan profundamente humano que falsea os datos que o computador recolle. Graça Morais alude á humanidade e á contraposición entre natureza e tecnoloxía a través da figura que asume a posición clásica do pensador, destacando así o teor subversivo e de resistencia que atravesa todo o poema.

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 18], 1987**

Aguarela, sépia e tinta-da-china sobre papel
20,8 x 14,7 cm
Col. da Artista

Acuarela, sepia e tinta chinesa sobre papel
20,8 x 14,7 cm
Col. da Artista

Poema 18

Este desenho evoca a luta entre luz e sombra, a história da disputa pela reconquista do fogo perdido da luz do sol, e da personagem prometeica do homem que a trouxe na sua própria mão, automutilando-se.
Graça Morais inclui também nesta composição referência às bestas mecânicas com que os ocupantes da cidade perseguiam a população. Contudo, a sua representação é feita de uma forma natural, anulando qualquer referência à máquina ou à artificialidade e enfatizando a sua própria mortalidade, numa antecipação da morte destes animais-cyborg, que só ocorrerá no vigésimo quarto poema.
Graça Morais independentiza-se da estrutura do texto poético, criando linhas narrativas próprias. A fusão da metáfora prometeica com a ideia do soldado animal-cyborg, enunciada pelos jogos de sobreposição das figuras na composição, cria um espaço estético, de narração e de reflexão que transcendem o poema.

Poema 18

Este deseño evoca a loita entre luz e sombra, a historia da disputa pola reconquista do fogo perdido da luz do sol e do personaxe prometeico do home que a trouxo na súa propia man, automutilándose.
Graça Morais inclúe tamén nesta composición referencia ás bestas mecánicas coas que os ocupantes da cidade perseguían á poboación. Con todo, a súa representación é feita dunha forma natural, anulando calquera referencia á máquina ou á artificialidade e salientando a súa propia mortalidade, nunha anticipación da morte destes animais-cyborg, que só ocorrerá no vixésimo cuarto poema.
Graça Morais independízase da estrutura do texto poético, creando liñas narrativas propias. A fusión da metáfora prometeica coa idea do soldado animal-cyborg, enunciada polos xogos de superposición das figuras na composición, crea un espazo estético, de narración e de reflexión que transcenden o poema.

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 24], 1987**

Carvão, sépia, tinta da china e colagem
sobre papel
14,8 x 19 cm
Col. da Artista

Carbón, sepia, tinta chinesa e colaxe
sobre papel
14,8 x 19 cm
Col. da Artista

Poema 24

A narrativa saramaguiana aborda, aqui, a tensão entre a tecnologia opressora e a natureza tribal, um confronto épico dos contrários que a narrativa poética do texto transforma em luta épico-heroica.
Graça Morais capta essa tensão, optando por focar um momento de profunda humanidade: quando os homens se unem e registam os acontecimentos nas paredes de uma gruta, após o que se auto-retratam, marcando no seu peito «o lugar que deve ocupar um coração vivo».
Este desenho assume um significado identitário, estabelecendo uma relação auto-referencial com a própria pintora e com o autor do texto, através da representação da mão segurando um lápis que atravessa quase a totalidade da composição, e que enfatiza a transversalidade entre o poético da escrita e da pintura.

Poema 24

A narrativa saramaguiana aborda, aquí, a tensión entre a tecnoloxía opresora e a natureza tribal, un enfrontamento épico dos contrarios que a narrativa poética do texto transforma en loita épico-heroica.
Graça Morais capta esa tensión, optando por focalizar un momento de profunda humanidade: cando os homes se unen e rexistran os acontecementos nas paredes dunha gruta, despois do que se auto-retratan, marcando no seu peito «o lugar que deve ocupar um coração vivo».
Este deseño asume un significado identitario, establecendo unha relación auto-referencial coa propia pintora e co autor do texto, a través da representación da man sostendo un lapis que atravesa case a totalidade da composición, e que salienta a transversalidade entre o poético da escrita e da pintura.

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 25], 1987**

Aguarela, sépia, tinta da china
e colagem sobre papel
22,8 x 29,1 cm
Col. da Artista

Acuarela, sepia, tinta chinesa e colaxe
sobre papel
22,8 x 29,1 cm
Col. da Artista

Poema 25

O poema fala da redescoberta de práticas ancestrais de fecundidade que ligam a mulher à natureza. A ação é marcada pelo ritual de aspersão do sangue menstrual no campo, através dos qual a tribo pretende colmatar a falta de nascimentos, uma vez que a guerra tinha acabado com a fertilidade das mulheres.

Esta composição condensa a complexidade dos acontecimentos em dois cenários concretos. No lado direito é representado um momento de cópula sob as ervas do campo fertilizado pelo sangue da menstruação. A face do homem é deliberadamente colocada na sombra, enfatizando a mensagem simbólica da cena: o poder de fecundar associado não ao elemento masculino mas à natureza, por sua vez identificada com o feminino.

No plano esquerdo, surge a figura de uma mulher grávida. Esta é a mesma personagem que tinha vido vítima de violação e que castrara o seu violador, com cujo membro desapareceu na planície (Poema 8). Porém, Graça Morais representa-a agora o rosto nitidamente visível, retirando-a do anonimato e assim destacando o seu papel na narrativa. As feições misturam rasgos europeus, africanos e asiáticos, conferindo à mensagem sociopolítica do poema um valor ainda mais universal, interétnico e transcultural.

Poema 25

O poema fala da redescuberta de prácticas ancestrais de fecundidade que unen a muller á natureza. A acción vén marcada polo ritual de aspersión do sangue menstrual no campo, a través do cal a tribo pretende solucionar a falta de nacementos, unha vez que a guerra acabara coa fertilidade das mulleres.

Esta composición condensa a complexidade dos acontecementos en dous escenarios concretos. No lado dereito represéntase un momento de cópula sobre as herbas do campo fertilizado polo sangue da menstruación. A cara do home é deliberadamente colocada na sombra, salientando a mensaxe simbólica da escena: o poder de fecundar asociado non ao elemento masculino senón á natureza, á súa vez identificada co feminino.

No plano esquerdo, xorde a figura dunha muller embarazada. Esta é a mesma personaxe que viñera tras ser vítima de violación e que castrara ao seu violador, con cuxo membro desapareceu na planicie (Poema 8). Porén, Graça Morais represéntaa agora co rostro nitidamente visible, retirándoa do anonimato e así destacando o seu papel na narrativa. As faccións mesturan trazos europeos, africanos e asiáticos, outorgando á mensaxe sociopolítica do poema un valor aínda máis universal, interétnico e transcultural.

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 29], 1987**

Aguarela, sépia e tinta-da-china sobre papel
22,8 x 29,1 cm
Col. da Artista

Acuarela, sepia e tinta chinesa sobre papel
22,8 x 29,1 cm
Col. da Artista

Poema 29

Este poema evoca a reconquista da liberdade, alegoricamente celebrada pelo surgimento de «um enorme arco-íris que não se desvaneceu nem quando o sol se pôs». A interpretação de Graça Morais evita o que é excessivamente óbvio, destacando-se o facto de a artista ter colocado o arco-íris na base do desenho. Esta inversão de céu e terra alude à ideia da utopia cumprida.

No topo, surgem as carcaças dos animais mecânicos, aqui adquirindo forte significação: a serpente dominada pela águia ilustra os «julgamentos dos invasores», mencionados no poema 28. O rinoceronte, motivo comum na arte pré-histórica, evoca as primeiras sociedades humanas, a história do ser humano. A representação deste animal, que não é mencionado em todo o texto, é uma interessante adição da artista, que deste modo reforça a sua abordagem ao tema central deste ciclo poético: um reinício forçado da evolução humana, através de um percurso imposto à tribo descendente da população que foi expulsa da cidade, e que teve de reaprender a sua humanidade.

Poema 29

Este poema evoca a reconquista da liberdade, alegoricamente celebrada polo xurdimento de «um enorme arco-íris que não se desvaneceu nem quando o sol se pôs». A interpretación de Graça Morais evita o que é excesivamente obvio, destacando o feito de que a artista colocou o arco da vella na base do deseño. Esta inversión do ceo e a terra alude á idea da utopía cumprida.

Na parte alta, xorden os esqueletos dos animais mecánicos, aquí adquirindo forte significación: a serpe dominada pola aguia ilustra os «julgamentos dos invasores», mencionados no poema 28. O rinoceronte, motivo común na arte prehistórica, evoca as primeiras sociedades humanas, a historia do ser humano. A representación deste animal, que non é mencionado en ningunha parte do texto, é un interesante engadido da artista, que deste modo reforza a súa abordaxe ao tema central deste ciclo poético: un reinicio forzado da evolución humana, a través dun percorrido imposto á tribo descendente da poboación que foi expulsada da cidade, e que tivo que reaprender a súa humanidade.

Graça Morais
***O Ano de 1993* [Poema 30], 1987**

Aguarela, sépia e tinta da china sobre papel
22,8 x 29,1 cm
Col. da Artista

Acuarela, sepia e tinta chinesa sobre papel
22,8 x 29,1 cm
Col. da Artista

Poema 30

O último poema recapitula a condição cíclica da história, entre guerra e paz, barbárie e civilização, sem um sentido ou uma essência inequívocos. Graça Morais dialoga de uma forma profunda com o texto, centrando a atenção na ideia da «criança objectiva [que] se aproxima e estende as mãos para a sombra, que fragilmente retém o contorno ainda, mas não já o cheiro do corpo sumido».

A criança encontra-se representada de um modo classicizante e querubínico, encontrando-se numa posição que enuncia movimento, expressando iniciativa, vontade e intenção de passar à ação. Numa interpretação mais existencialista, a expressão corporal e mímica da figura pode sugerir uma liberdade já realizada, posta em prática.

O rosto enigmático da criança apresenta um sorriso clássico que tanto remete para a estatuária grega, como para as representações cristãs de Jesus como bebé-homem. Estas citações plásticas têm um profundo simbolismo que nos recorda, de um modo reflexivo e desenganado, que estamos sempre presos no dilema entre a liberdade radical e o determinismo das circunstâncias.

Poema 30

O último poema recapitula a condición cíclica da historia, entre guerra e paz, barbarie e civilización, sen un sentido ou unha esencia inequívocos. Graça Morais dialoga dunha forma profunda co texto, centrando a atención na idea da «criança objectiva [que] se aproxima e estende as mãos para a sombra, que fragilmente retém o contorno ainda, mas não já o cheiro do corpo sumido».

A criatura encóntrase representada dun modo clasicista e anxelical, encontrándose nunha posición que enuncia movemento, expresando iniciativa, vontade e intención de pasar á acción. Nunha interpretación máis existencialista, a expresión corporal e mímica da figura pode suxerir unha liberdade xa realizada, posta en práctica.

O rostro enigmático da criatura presenta un sorriso clásico que remite tanto para as estatuas gregas como para as representacións cristiás de Xesús como bebéhome. Estas citacións plásticas teñen un profundo simbolismo que nos recorda, dun modo reflexivo e desenganado, que estamos sempre presos no dilema entre a liberdade radical e o determinismo das circunstancias.

OUTRO MATERIAL EXPOSTO

Entrevista do jornalista José Carlos Vasconcelos ao escritor José Saramago no programa televisivo *Escrever é Lutar*, 17/09/1974.
Entrevista do xornalista José Carlos Vasconcelos ao escritor José Saramago no programa de televisión *Escrever é Lutar*, 17/09/1974.
Duração Duración 23'42''
RTP Arquivos

Nesta entrevista, José Saramago fala sobre a sua vida pessoal, a obra literária, e o momento que se vivia em Portugal no pós-25 de abril de 1974, mencionando pela primeira vez do livro *O Ano de 1993*, que estava a escrever na altura.

Nesta entrevista, José Saramago fala sobre a súa vida persoal, a obra literaria e o momento que se vivía en Portugal no post-25 de abril de 1974, mencionando por primeira vez o libro *O Ano de 1993*, que estaba a escribir nese momento.

***Na Cabeça de uma Mulher está a História de uma Aldeia*.**
Realização Dirección de Joana Morais, 2000.
Duração Duración 32'51''
Reprodução gentilmente cedida pela Autora.
Reprodución xentilmente cedida pola Autora.

Realizado pela filha da pintora, num registo de grande cumplicidade, este documentário aborda a vida e a obra de Graça Morais, com enfoque no legado que a sua obra recebeu das vivências com as gentes, rituais e tradições da sua terra natal.

Realizado pola filla da pintora, nun rexistro de grande complicidade, este documental aborda a vida e a obra de Graça Morais, con enfoque no legado que a súa obra recibiu das vivencias coa xente, cos rituais e coas tradicións da súa terra natal.

1.ª edição edición **de** ***O Ano de 1993*****.**
Lisboa: Futura, 1975.
Capa e arranjo gráfico Capa e traballo gráfico Estúdios da Editorial Futura.

2.ª edição edición **de** ***O Ano de 1993*****.**
Lisboa: Caminho, 1987.
Ilustrações Ilustracións de Graça Morais.

3.ª edição edición **de** ***O Ano de 1993*****.**
Lisboa: Caminho, 2007.
Ilustrações Ilustracións de Rogério Ribeiro.

4.ª edição edición **de** ***O Ano de 1993*****.**
Porto: Porto Editora, 2018.
Caligrafia da capa Caligrafía da capa por José Manuel Mendes.

Redigido entre 1974 e 1975, *O Ano de 1993* é um poema filosófico estruturado a partir da compilação de trinta textos alegóricos em prosa poética. A primeira edição foi publicada pela Editorial Futura, em Lisboa, no ano de 1975, sem ilustrações.

Alguns anos mais tarde, preparando a segunda edição do texto, José Saramago convida Graça Morais para criar dez pinturas que se correspondessem com o universo onírico e poético do texto. Estabeleceu-se, assim, um conjunto interartístico complexo.

A composição escolhida para a capa desta segunda edição – a mancha que sugere todo um universo e as letras do título, abordadas (literária e visualmente) como signos e significantes – simboliza esse encontro entre a palavra escrita e a pintura.

Publicada pela editorial Caminho em 1987, esta edição encontra-se atualmente esgotada.
Em 2007, a Caminho promove uma nova edição da obra, com ilustrações de Rogério Ribeiro, que também estão presentes na versão traduzida para castelhano, de Ángel Campos Pámpano (editora Alfaguara).

A mais recente edição surge em 2017, novamente sem ilustrações, na Porto Editora.

Escrito entre 1974 e 1975, *O Ano de 1993* é un poema filosófico estruturado a partir da compilación de trinta textos alegóricos en prosa poética. A primeira edición foi publicada pola Editorial Futura, en Lisboa, no ano 1975, sen ilustracións.

Algúns anos máis tarde, preparando a segunda edición do texto, José Saramago convida a Graça Morais para crear dez pinturas que se correspondesen co universo onírico e poético do texto. Estableceuse, así, un conxunto interartístico complexo.

A composición escollida para a capa desta segunda edición – a mancha que suxire todo un universo e as letras do título, abordadas (literaria e visualmente) como signos e significantes – simboliza ese encontro entre a palabra escrita e a pintura.

Publicada pola editorial Caminho en 1987, esta edición encóntrase actualmente esgotada.
En 2007, a Caminho promove unha nova edición da obra, con ilustracións de Rogério Ribeiro, que tamén están presentes na versión traducida ao castelán, de Ángel Campos Pámpano, publicada por Alfaguara.

A edición máis recente xorde en 2017, novamente sen ilustracións, na Porto Editora.

Graça Morais
***Retrato de José Saramago*, s.d.**

Acrílico sobre tela
61 x 73 cm
Col. da Artista

Acrílico sobre tela
61 x 73 cm
Col. da Artista

Retrato de José Saramago realizado por Graça Morais algum tempo após a morte do escritor, a partir de uma fotografia divulgada na imprensa.
A pintora capta as feições do rosto através de vigorosas pinceladas e manchas de suaves contrastes cromáticos.
Esta obra constitui um excelente exemplo da prática retratística de Graça Morais, pautando-se pelo compromisso entre o registo das qualidades fisionómicas do indivíduo retratado, e a captação de impressões mais subjetivas de uma personalidade complexa que remetem para aspetos psicológicos individuais, mas que permitem refletir, de um modo mais genérico, sobre a natureza humana.

Retrato de José Saramago realizado por Graça Morais algún tempo despois da morte do escritor, a partir dunha fotografía divulgada na prensa.
A pintora capta as faccións do rostro a través de pinceladas vigorosas e manchas de suaves contrastes cromáticos.
Esta obra constitúe un excelente exemplo da práctica retratística de Graça Morais, pautándose polo compromiso entre o rexistro das calidades fisionómicas do individuo retratado e a captación de impresións máis subxectivas dunha personalidade complexa, que remiten para aspectos psicolóxicos individuais, pero que permiten reflectir, dun modo máis xenérico, sobre a natureza humana.

José Saramago, Graça Morais e o músico Pedro Caldeira Cabral no ateliê da pintora na Costa do Castelo, Lisboa, década de 1990. © Cortesia da Artista

José Saramago, Graça Morais e o músico Pedro Caldeira Cabral no obradoiro da pintora na Costa do Castelo, Lisboa, década de 1990. © Cortesía da Artista